

---

# Aproximación á toponimia das freguesías de Arante, Cedofeita, Couxela, Covelas, A Devesa e Ove do concello de Ribadeo: núcleos habitados

---

Rocío Dourado Fernández

Instituto da Lingua Galega (ILG) / Universidade de Santiago de Compostela (USC)

## Resumo:

Este traballo trata unha serie de topónimos maiores procedentes de seis das doce freguesías do concello de Ribadeo (Lugo). O obxectivo é realizar un estudo etimolóxico-lingüístico do material reunido (108 topónimos) co fin de ofrecer unha explicación das estruturas toponímicas aplicadas na denominación da realidade física circundante.

## Palabras chave:

Toponimia, lingüística histórica, onomástica, etimoloxía.

## Abstract:

*This paper treats a series of major proceeding toponyms from six of the twelve parishes of municipality of Ribadeo (Lugo). The aim is to carry conduct an etymological and linguistic study of the gathered material (108 toponyms) with the objective of offering an explanation of the toponymical structures wich give name to the circundant physical reality.*

## Key words:

*Toponymy, historical linguistics, onomastics, etymology.*

## 1. Introducción

O concello de Ribadeo está situado no extremo nororiental da provincia de Lugo (Galicia). Testa polo norte co mar Cantábrico, polo leste coa ría de Ribadeo, polo oeste co concello de Barreiros e polo sur co concello de Trabada. Segundo a última división comarcal<sup>1</sup> levada a cabo pola Xunta de Galicia, Ribadeo forma parte da bisbarra da Mariña Oriental, que integra precisamente xunto cos municipios de Barreiros, Trabada e A Pontenova.

---

1 Tomamos como referencia a división comarcal oficializada pola Xunta de Galicia mediante o Decreto 65 / 1997 do 20 de febreiro de 1997 e consultábel no seguinte web: [http://www.comarcasdegalicia.com/archivos/textoslegales/3\\_mapa.pdf](http://www.comarcasdegalicia.com/archivos/textoslegales/3_mapa.pdf).

Do punto de vista histórico, Ribadeo naceu como vila de reguengo, vinculada ao proceso de repoboación urbana do litoral cantábrico. Obtivo unha *carta puebla* do rei Fernando III (López Alsina 1976: 130), e a partir da segunda metade do s. XIV pasou a se converter nun concello de señorío laico, ao se lle conceder en propiedade a Pierre de Villaines. Foi, xunto con Viveiro e Mondoñedo, unha das tres entidades urbanas xurdidas no norte da actual provincia de Lugo ao longo da Idade Media. De feito, durante un breve intervalo de tempo (concretamente entre 1182 e 1224) chegou a albergar a sé episcopal mindoniense. O desenvolvemento que alcanzou o seu porto situou a vila de Ribadeo á cabeza do comercio xerado nos portos do Cantábrico, primacía que ostentou até a súa decadencia, xa no s. XIX.

Canto á natureza e enfoque deste traballo, cómpre dicir que consiste na análise etimolóxica das denominacións dos núcleos habitados que compoñen seis das doce freguesías do devandito concello: Arante, Cedofeita, Couxela, Covelas, A Devesa e Ove. Trátase, pois, do extracto dun traballo máis amplo e exhaustivo que se está a desenvolver nestes momentos e que abrangue o estudo global da toponimia do devandito concello mariñao.

Ao estarmos perante toponimia maior, o Nomenclátor de Galicia será a fonte principal de onde extraíamos as denominacións oficiais de todos eles, que serán as que tomemos como referencia para o noso estudo, mais realizando os comentarios e observacións pertinentes sempre que existiren alteracións (quer na realización fonética dos topónimos por parte dos falantes, quer en aspectos doutro tipo) con respecto ás formas recollidas no devandito repertorio.

## 2. Corpus de núcleos habitados e estudo

### 2.1. ARANTE (San Pedro)

O nome da parroquia aparece como *ecclesia Santi Petri de Alanti* nun documento do ano 935, e coa forma *Arante* en diplomas posteriores con data de 1305, 1351 e 1371, entre outros. Bascuas (2002: 30) descarta que se trate do descendente do xenitivo do antropónimo galo *ALANTIUS* (orixe do francés *Alençon*), que encaixaría coa variante máis antiga atestada mais que careceu de difusión na Península Ibérica. Deste xeito, o dito autor decántase por entender *Alanti* como erro paleográfico ou alteración fonética de difícil explicación, e prefere reconstruír a etimoloxía do topónimo a partir da variante máis abundante, ou sexa *Arante*.

Poderíamos falar así dun hidrotopónimo baseado no indoeuropeo *\*er-* ‘fluír, moverse’ a través dunha variante *\*ar-* á que se lle engade o coñecido sufixo *-nt-* (precedido

neste caso de vogal presufixal *-a-*), conforme a un esquema morfolóxico frecuente en topónimos de orixe antigo-europea. Para Bascuas (2002: 169), habería que considerar unha secuencia sufixal *-ante* presente tamén en topónimos como *Amarante*, *Serantes* e similares. De todos os xeitos, o mesmo tema *\*arant-* témolo tamén en topónimos galegos como *Arantón*, *Arantei* e similares, de clara fasquía prerromana. Por outra banda, a prol da opción hidronímica está a existencia do río francés *Arante*.

Dentro da freguesía de San Pedro de Arante atopamos os seguintes núcleos de poboación:

**2.1.1. Barredal, O:** Debe tratarse dun derivado do substantivo común *barro* ‘arxila’, ‘masa que resulta da mestura de terra e auga’, ‘masa branda que se forma ao chover’ (Ir Indo, s.v. *barro*). A ese apelativo deberon engadírselle en fases sucesivas dous sufixos como son *-edo* (< latín *-ĒTŪ*) e *-al* (< latín *-ĀLE*), expresando unha idea abundancial. De feito, a fase intermedia *barredo* aparece como topónimo (*Barredo* é nome dunha freguesía de Castroverde, e tamén temos *As Barredas* en Monforte de Lemos), e Eladio Rodríguez recolleo como apelativo con significados como “Lugar donde hay o se forma mucho barro” ou “En los valles lucenses de Lemos, Quiroga y Sarria llaman *barredos* a unas formaciones margosas y arcillosas muy desenvueltas, que en aquella gran cuenca existen en capas horizontales pertenecientes al terreno secundario, según los geólogos” (*DEGC*). De feito, este mesmo autor dá a forma *barredal* como sinónimo de *barredo*. Canto á base *barro*, trátase con toda probabilidade dun termo prerromano, se ben os autores vacilan á hora de asignalo a un estrato lingüístico concreto. Coromines (*DCECH*, s.v. *BARRO*) pensa nunha orixe céltica. O substantivo *barro* é ben coñecido como sinónimo de *lama*, sendo cuantitativamente moito máis empregado este último na lingua oral da zona, a diferenza do que ocorre co rendemento toponímico de *barro*, cuxos derivados se revelan como máis abondosos.

**2.1.2. Bestilleiros, Os:** Carré Alvarellos (*DGCV*) aboa a voz *bestilleiro* como “Ballestero, soldado que usa ballesta”, indicando que se trata dun arcaísmo. De aceptarmos a vinculación do topónimo con este substantivo, poderíamos explicar a denominación do lugar pola existencia no mesmo dalgún tipo de destacamento militar en época medieval. Por outra banda, a forma documéntase como apelido persoal tanto na actualidade como no período medieval (*Pedro Bestileyro* 1261)<sup>2</sup>, co cal tampouco deberíamos descartar que o nome de lugar teña esa orixe, atendendo ademais a que aparece flexionado en plural.

2 Agás cando indiquemos expresamente o contrario, as formas medievais empregadas nesta contribución foron extraídas sempre do *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)*, dirixido por Xavier Varela Barreiro (véxase bibliografía).

Outra opción en principio máis remota sería relacionar o derivado *bestilleiro* co zoónimo *besta* (< latín BESTĪA), a través dun hipotético derivado non documentado \*BESTĪCŪLA (> \**bestella*). A adición do sufixo *-eiro* (< latín -ĀRĪŪ) completaría esta explicación, que implicaría en calquera caso a pechazón da vogal pretónica (\**bestelleiro* > *bestilleiro*) por efecto do ditongo decrecente tónico *e/ou* da consoante palatal [ʎ] subseguente. De todos os xeitos, trátase dunha alternativa meramente conxectural.

**2.1.3. Ceí:** A xulgar pola estrutura, debe tratarse dun antrotopónimo, se ben carecemos de atestacións documentais que nos permitan determinar cun mínimo de fiabilidade cal foi o nome persoal que xerou esta denominación toponímica. Unha posíbel hipótese é que proceda da forma de xenitivo do antropónimo latino CAELIŪS documentado para o topónimo *Cenlle* baixo variantes como *Ceeli*, *Çelle* ou *Çeenlle*, tratándose, deste xeito, dunha variante diverxente do mesmo étimo CAELI > \**Celi(i)* > \**Celi* > *Ceí*.

**2.1.4. Cima de Vila:** Topónimo alusivo á posición elevada do núcleo de poboación en cuestión. O substantivo *cima* ‘cumio, parte máis alta’ procede co latín CYMA, que presentaba o mesmo significado. Pola súa banda, o modificador *vila* remite ao latín UĪLLA, de presenza abundantísima na nosa toponimia, sobre todo en combinación con xenitivos de antigos nomes de posesor.

**2.1.5. Fondo de Vila:** Estamos perante un topónimo replicante do anterior, pois alude á posición máis baixa do núcleo ao que dá nome. O substantivo *fondo* remite ao latín FŪNDŪS ‘fondo’.

**2.1.6. Fornos, Os:** Forma de plural do substantivo *forno*, procedente á súa vez do latín FŪRNŪS ‘forno’. Na documentación medieval galega, a estancia en que se encontraba o forno, polo xeral unha construción independente e externa á casa, aparece mencionada baixo formas como *furnus* e *forno* (Varela Sieiro 2008: 213-214). De todos os xeitos, segundo Álvarez Maurín (1994: 105), tampouco cómpre descartar que cando menos algúns destes topónimos baseados no latín FŪRNŪS sexan “aplicacións metafóricas que comparan a orografía del terreno con la construción de forma abovedada que designa el término latino *furnum*”.

**2.1.7. Madanela, A:** Forma popular do hebraico *Magdalena*, á súa vez xentilicio de *Magdala*, nome dunha localidade palestina que parece remontar ao hebraico *migdal* ‘torre’ (Rivas Quintas 1991: 215). O portugués medieval coñeceu formas como *Maudalena* e *Moudalena*, mentres que na toponimia galega predominan as variantes *Madanela* e *Madalena*. Todas elas aluden á personaxe bíblica do mesmo nome, que conta cunha capela neste lugar ribadense.

**2.1.8. Pereiriñas, As:** Trátase do diminutivo do fitónimo *pereira*, moi abondoso na nosa toponimia e procedente dun derivado adxectivo (\*ARBÖRE) PĪRĀRIA creado a partir de PĪRA, á súa vez plural de PĪRŪM ‘pera’. O galego *pereira* é común ao portugués e correspóndese co catalán *perera*, mentres que o asturiano e o castelán presentan un derivado *peral* cunha presenza residual na toponimia galega (Navaza 2006: 410). No caso d’*As Pereiriñas* non parece probábel pensar nunha variante fonética de *pedreira* (< PETRĀRIA), como si acontece pola contra noutros exemplos.

**2.1.9. Ponte, A:** Procede do latín PŌNTE ‘ponte, pasal’, e alude á ponte que existe nas inmediacións e que serve para cruzar o río Grande ou *río de Arante*.

**2.1.10. Portobragán:** Ao igual ca noutros topónimos como *Portor*, *Portogáin* ou *Porcillán*, en *Portobragán* temos a combinación do substantivo *porto* (< latín PŌRTŪ) co xenitivo dun nome persoal. Neste caso quizais poidamos falar do antropónimo AFRĪCĀNŪS, con certa presenza na nosa documentación medieval (*Africanus* 910, 942, 1095; *Abreanus* 1010; *Abreano* 1097) e que parece estar na orixe doutros nomes de lugar galegos como *Abragán*, existente na actualidade nos concellos de Ribeira (como topónimo menor), O Corgo e A Estrada. En Pereiro de Aguiar documéntase un topónimo *Abregón* (de \*AFRĪCONĪ, xenitivo dun hipotético \*AFRĪCONĪŪS). Piel (1948: 24) sinala descendentes toponímicos deste mesmo antropónimo en Portugal, como *Abregão*, *Abregã* e *Abragão*. Por tanto, a hipótese dun sintagma \*PŌRTŪ AFRĪCĀNĪ como orixe da forma *Portobragán* é conxectural (e implicaría a aférese da vogal inicial do antropónimo), mais conta con apoios de relevancia no sistema toponímico tanto galego como portugués.

**2.1.11. Rego de Mel:** O substantivo *rego* [ˈreɣo] (castelán *riego*) ‘pequena canle pola que corre a auga’, ‘curso de auga pequeno e non permanente’ é frecuentísimo no léxico común e toponímico de Galicia e debe ter orixe prerromana, aínda que Sarmiento prefería explicalo a partir do latín RĪGO ‘regar’ (*VG*), opción tamén defendida por Piel (1945: 317). Pola súa banda, Coromines (*DCECH*, s.v. RIEGO) decantouse no seu momento polo ibero-vasco \*rĕcu-. Máis recente é a proposta de Bascuas (2000: 359 e ss.), que retrotrae o termo á primeira colonización indoeuropea da Península Ibérica, atribuíndo a súa orixe á raíz \*er- ‘moverse, fluír’ a través dun tema \*rek-, de onde \*REKO (> *rego*). De todos os xeitos, cómpre lembrar que en galego chegaron a confundirse foneticamente o termo *rego* que nos ocupa co seu homónimo *rego* ‘suco que deixa o arado’, procedente segundo parece do galorromano \*rĭca (< ie. *perk-*, *prk* ‘suco’), o cal dificulta o establecemento dunha liña divisoria clara.

Canto á segunda parte da cadea toponímica, quizais se trate dun topónimo preexistente baseado no cognome latino MERĪŪS, tal e como parece darse noutros exemplos coma

*Mer* (Sober), onde se podería postular unha teórica base etimolóxica \*(UĪLLA) MERĪ, a mesma que García Arias (2000: 278) reconstrúe para o asturiano *Villamir*. Na mesma liña pode interpretarse *Soutomel* (A Bola), xa atestado na documentación medieval baixo unha forma *salto Meri* remontábel a un hipotético sintagma latino \*SALTŪ MERĪ (Martínez Lema 2010: 247). De todos os xeitos, outra posíbel explicación desta secuencia viría dada polo sintagma \*(UĪLLĀRE) GEMELLĪ (Piel 1984: 19), onde GEMELLŪS funcionaría, ao igual que na secuencia anterior, como nome do posuidor. Aínda así, o propio autor reconece as dificultades de evolución fonética que tal sintagma conleva. Pola súa banda, Nicandro Ares (1996: 74) aduce unha hipotética secuencia \*(UĪLLĀRE) MELLĪS, a partir da cal resulta difícil extraer a variante moderna *Mel*.

**2.1.12. Remourelle:** Segundo Bascuas (2002: 160 e ss.), *Remourelle* debe englobarse dentro dun conxunto de topónimos que, como *Reguntille*, *Remourán* ou *Riomol*, entre outros, explícanse pola combinación do substantivo  *río* (< latín RĪŪŪ) co xenitivo dun antigo nome persoal. No caso de *Remourelle* ese nome sería o latín MAURĒLLŪS, cuxo xenitivo deu lugar tamén ao topónimo *Mourelle*, ben representado en Galicia. A prol da interpretación de *Remourelle* como un antigo \*RIŪŪ MAURĒLLĪ podemos aducir atestacións medievais como *Riu Maurelli* (s.d.) e *Rio Maurilii* (s.d.), ambas as dúas extraídas do Tombo de Lourenzá.

**2.1.13. Vilamariz:** Procede dun antigo (UĪLLA) MALARĪCĪ, co xenitivo do antropónimo xermánico MALARĪCŪS no que quizais se recoñeza a raíz \**marha* ‘corcel de batalla’, aínda que tamén hai outras opcións como *marei* ‘mar’, \**marka* ‘fronteira’ ou o gótico *amals* ‘valente’ (HgNb §173). O segundo constituínte é o gótico *reiks* ‘rico, poderoso’. Á marxe deste topónimo *Vilamariz*, temos tamén *Mariz* e *Maariz*, nos que se perdeu o núcleo nominal UĪLLA.

## 2.2. CEDOFEITA (Santa María Madalena)

Esta freguesía aparece mencionada nun documento de 1124 como *sancta Maria de Citofacta*, nunha permuta entre o monarca Afonso VII e o bispo de Mondoñedo. Atópamola tamén como *Citofacta* (1202), *sancte Marie de Citofacta* (1289), *Çedofeyta* (1286), *Cedofeita* (1488) e aínda unha variante castellanizada *Çedofecha* (1286, 1287). Unha variante masculina *Cedofeito* rexistrámola como nome dunha aldea da parroquia de Toxos Outos (Lousame). Segundo as atestacións medievais parece que podemos reconstruír como étimo un sintagma CĪTO FACTA, ou sexa, o adverbio latino CĪTO ‘rapidamente, en breve espazo de tempo’ (de onde galego *cedo*) e o participio perfecto de FACERE. Aludiría por tanto á celeridade con que se realizou unha determinada obra ou construción, probabelmente a igrexa parroquial.

Dentro do termo de Cedofeita existen os seguintes núcleos de poboación:

**2.2.1. Barreiros:** O substantivo *barreiro* significa ‘lugar de onde se extrae barro ou arxila’, e trátase evidentemente dun derivado de *barro* (véxase ARANTE, §2.1.1) mediante o sufixo *-eiro* (< latín -ĀRIŪ).

**2.2.2. Burgo, O:** Topónimo procedente do xermánico *burg-* ‘cidade pequena’, latinizado como BURGŪS en alusión a unha entidade de poboación pequena e dependente doutra situada nas súas proximidades.

**2.2.3. Currada, A:** O termo *currada* aparece nos dicionarios galegos, se ben é máis frecuente a variante *corrada*, xa aboada por Marcial Valladares co significado “Patio principal a la entrada de una casa, especialmente de campo” (DGC), e por tanto sinónimo de *curral*. Pola súa banda, Acevedo rexistra unha acepción como “Mullido, árgomas o aulagas, paja, etc., que se echa delante de las casas de los labradores para que, pisado, se convierta en estiércol” (VBO), probabelmente consecuencia dun fenómeno de extensión semántica por metonimia. Xa que logo, parece verosímil explicar *currada* / *corrada* en relación con *curral*, ambos os dous de orixe prelatina (cfr. *curro* / *corro* ‘curral de pequenas dimensións onde se gardan os apeiros de labranza ou os animais’, ‘lugar pechado no monte onde se recollen os animais’), ou, segundo outros autores, relacionados co latín CURRŪS ‘carro’ mediante unha evolución semántica ‘carro’ → ‘lugar para os carros’ → ‘curral’ (Álvarez Maurín 1994: 289).

**2.2.4. Granda, A:** A forma *granda* (que só se rexistra como topónimo maior na metade oriental da provincia de Lugo) é unha variante do máis común *gándara* ‘terra baixa chea de vexetación brava de pouca altura’, ‘terreo húmido e pouco produtivo’, ‘terreo enchoupado ou anegado’. Acevedo (VBO) daba *granda* como sinónimo de *gándara* coa acepción “Tierra llana e inculca, del común, llena de maleza”, e sinalou o seu uso na área eonaviega. A orixe de *gándara* é prelatina, e parece remitir a unha raíz \**ganda-*, de orixe incerta (DCECH, s.v. GÁNDARA), á que se lle engadiu o sufixo átono *-āra* (cfr. topónimos como *Lóuzara*, *Láncara*, *Mántaras* etc.). A partir de *gándara* explícase *granda* como consecuencia da elipse da vogal postónica medial (*gándara* > *gandra*) e a metátese da vibrante (*gandra* > *granda*).

**2.2.5. Igrexa, A:** O termo *igreja* é variante semiculta do latín vulgar ECCLĒSĪA ‘reunión, asemblea dos primeiros cristiáns para celebraren o culto’ e, por extensión semántica, ‘lugar onde se celebraba o culto’. Tal e como apunta Moralejo Lasso (1977: 296-297), os descendentes patrimoniais do latín ECCLĒSĪA gozaron de grande presenza na nosa toponimia, como p.ex. *Eirexa*, *Eirexe*, *Eirixe*, *Grixa* e similares.

**2.2.6. O Pedregal:** O substantivo *pedregal* ‘lugar cheo de pedras’ (cfr. *pedral*, *pedreira*, *pedranceira*...) é un derivado de *pedra* (< latín PĒTRA) mediante o sufixo *-al* (< latín *-ĀLE*) e un elemento afixal *-eg-* de orixe discutida. Meyer-Lübke (*REW* 6447), reconstrúe un derivado \*PETRĪCA. Para Coromines (*DCECH*, s.v. PIEDRA), o lóxico é considerar un diminutivo PETRĪCĒLLA que, debido ao seu frecuente uso na fala e na toponimia, faría posible a extensión do tema PETRĪC- a outros derivados.

**2.2.7. Piñeiro:** Remite ao substantivo homónimo, o cal á súa vez procede dun derivado \*PĪNARIŪ creado a partir do fitónimo latino PĪNŪ. A forma galega *piñeiro* e a portuguesa *pinheiro* contrapóñense ao resto de dominios romances, que evoluíron as súas respectivas formas a partir do simple PĪNŪ (castelán *pino*, catalán *pi*...). De todos os xeitos, o galego contou cunha forma patrimonial *piño* (medieval *pño*) que chegou a ter implantación no léxico e mais na toponimia mais que cedeu ante o castelanismo *pino* (Navaza 2006: 414).

**2.2.8. Ponte, A:** véxase ARANTE, §2.1.9.

**2.2.9. Queixoiro:** Topónimo que se repite no concello da Fonsagrada e no de Trabada (Marqués Valea 2004: 281), e que forma parte dunha ampla serie toponímica ben representada no noso territorio á que tamén pertencen ítems como *Queixeiro*, *Queixada*, *Queixa*, etc. Meyer-Lübke (*REW* 1659c), en opinión despois asumida por Piel, remite ao latín vulgar \*CAPSĒŪM ‘semellante a unha caixa’ (← CAPSA ‘caixa’), que deu lugar ao substantivo *queixo* ‘prominencia da cara correspondente á mandíbula inferior’. Trataríase por tanto dunha aplicación metafórica a zonas cuxo relevo presenta características similares á esa parte da anatomía humana. Menos plausíbel parece a proposta de Coromines (*DCECH*, s.v. QUEJAR), que remontaba este termo ao verbo latino-vulgar \*QUASSĪĀRE (← QUĀSSERE ‘sacudir, acanear’, ‘tremar, enfracuecer’), de onde procedería unha forma verbal antiga *requexar* / *arrequexar* ‘pór en apuros’ que explicaría os topónimos do tipo *Requeixo* e similares. De todos os xeitos, téñense dado outras explicacións a esta voz, a máis recente de Bascuas (2000: 366), que relaciona *Requeixo* co hidrónimo \*rek-, tema que explica o termo *rego* e derivados (véxase ARANTE, §2.1.11).

Sexa como for, parece que este tipo de topónimos aluden a lugares profundos ou encaixados no terreo, circunstancia doada de verificar no caso do *Queixoiro* ribadense, pois trátase dun núcleo de poboación situado no fondo dunha pronunciada vagoada.

**2.2.10. Requiande:** Segundo Piel e Kremer (*HgNb* §219), a orixe do topónimo encóntrase no xenitivo dun nome persoal \*RECCINANDŪS reconstruído precisamente a partir deste nome de lugar. De todos os xeitos, a variante feminina *Rekenanda*



documentábase nun texto catalán do ano 927 (*HgNb* §219). En ambos os dous casos, o primeiro constituínte sería o gótico *rec(c)-*, de orixe escura, mentres que o segundo elemento remite ao tamén gótico *\*nanþ-* ‘ousadía, valor’.

**2.2.11. Santo Antonio:** Haxiónimo baseado no cognome latino ANTONIŪS, nome dunha *gens* romana de posíbel orixe etrusca (*DNG*, s.v. ANTÓN). Santo Antonio ou San Antonio é o titular de até once freguesías galegas, e a súa pegada toponímica na Península Ibérica pode detectarse en formas como *Santo Antão*, *Santo Antón* e *San Antonio* (Piel 1950: 335). Non puidemos constatar a existencia no lugar ribadense de Santo Antonio dalgunha ermida dedicada ao santo, aínda que si a dunha capela na que se honra a Nosa Señora da Vista ou Virxe do Viso. De feito, o lugar é coñecido tamén polos falantes como *O Viso*.

**2.2.12. Teixido:** Derivado abundancial do fitónimo *teixo* (< TAXŪ), mediante un sufixo que tradicionalmente se interpretou como variante do máis habitual *-edo* (< lat. -ĒTŪ), con metafonía, mais que probabelmente sexa un sufixo distinto -ITŪ (Álvarez Blanco 2002).

**2.2.13. Torre, A:** Procede do latín TŪRRIS ‘torre’, que deixou descendencia en todos os romances occidentais e conta con proxección na toponimia (*DCECH*, s.v. TORRE). Cómpre ter en conta certos matices semánticos, como o feito de *torre* a miúdo designar non só a torre en si mesma, senón o conxunto da fortaleza, ou mesmo a casas señoriais e pazos.

**2.2.14. Trapa, A:** O substantivo *trapa* aparece nos dicionarios con diversas acepcións, moitas delas susceptíbeis de uso toponímico. Eladio Rodríguez define a voz como “Puerta o trampa en el piso”, mentres que Elixio Rivas (*FrampasII*, s.v. TRAPA) recolle en Pedrafita o valor “Pequeña madera, accionada por medio de un larguero, para cortar el agua del molino” e en Santa Cruz de Arrabaldo “Trampa”. Pola súa banda, Constantino García aboa o significado “Puerta abatible en un agujero que da paso a un lugar bajo, o sobre la cocina” (*GVG*) e “Trampa”, ao tempo que sinala derivados como *trapela* e *trapenla*. Segundo Coromines (*DCECH*, s.v. TRAMPA), estamos perante unha voz onomatopeica *trapp* / *tramp*, e indica que se refire tanto a unha “Tabla que se abre en el suelo al pisarla” como ao “Armadijo que se pone para cazar”, sentido patente nos termos do catalán, o asturiano ou o portugués. En galego, o uso da variante *trampa* por *trapa* (Vázquez Santamarina 1971: 68) non é rara. No asturiano occidental, *trapa* alude a unha trampa para cazar perdices ou a unha especie de trapela aberta no piso das cortes para botarlle comida ao gando. A alternancia dos temas *trap-* / *tramp-* percíbese tamén nos derivados *trampallada* / *trapallada*, *trampela* / *trapela* (Crespo Pozo 1985: 196) etc. A *trapa* ‘trampa para animais’ debeu estenderse ao sitio onde se colocaba.

Na documentación medieval cítase unha *Trapa* de Santa María do Mao, no concello do Incio. O portugués ten os nomes xeográficos *Trapa* e *Trapela* que Fernandes (2001: 229) explica a partir de *trap(p)a* “armadilha para animais selvagens, daí podendo ter tomado um sentido topográfico”.

### 2.3. COUXELA (Santiago)

Contamos con varios testemuños deste topónimo na documentación medieval, caracterizados por unha certa inestabilidade gráfica e formal. Na documentación catedralicia de Mondoñedo aparecen variantes como *Coiegella* 1002, *sanctus Iacobus de Coogela* 1124 e *Coojela* 1488. No Tombo de Lourenzá aparece unha forma *Coegela* (1117). Quizais poida postularse como étimo unha forma \*COUËLLA, explicábel como diminutivo dunha base \*CŌUĪA relacionada á súa vez co adxectivo \*CŌUÛS ‘cóncavo’, ‘profundo’ (véxase COVELAS). De feito, o emprazamento de Couxela encóntrase nunha depresión do terreo fronte á ría. Restos dun derivado \*CŌUÛS na nosa toponimia poderían ser formas como *Regouxe*, se aceptamos con Bascuas (2002: 158) a posibilidade dun étimo \*RIUÛ COUÛ ‘río profundo ou encaixado’ (cfr. *Riocovo* e similares), apoiada en principio pola forma *recouios* baixo a que aparece documentado nun texto de 1204. En *Couxela* teríamos unha evolución fonética parcialmente semellante, de admitirmos a transformación da secuencia -UÏ- nunha consoante prepalatal (como FOUËÛ > *foxo*, p.ex.), ou ben o mantemento do carácter semivocálico do wau e a consonantización do iode (\*COUËLLA > \**Cougela* > *Couxela*).

Dentro do termo de Couxela existen os seguintes núcleos de poboación:

**2.3.1. Bispos, Os:** Do lat. EPISCOPŪS ‘bispo’, que á súa vez provén do grego επισκοπός ‘garda, protector’. As motivacións do topónimo poden ser dúas: por unha banda, pode deberse ao uso deste apelativo como alcume persoal e, nunha segunda fase, como sobrenome familiar, o que explica a flexión en plural; pola outra, talvez se deba á existencia no lugar de terras de xurisdición episcopal. O termo *bispo* como elemento onomástico persoal é frecuente na documentación altomedieval, tal e como pon de relevo Boullón (1999, s.v. BISPO).

**2.3.2. Casais, Os:** Trátase da forma pluralizada do substantivo *casal* ‘casa de campo con terras e dependencias’, ‘pequeno agrupamento de casas no campo’. A orixe do vocábulo atópase no latín CASA (véxase COUXELA, §2.3.3) mediante un derivado adxectivo CASĀLIS, cuxo acusativo CASĀLEM explica a forma *casal* (e a súa variante *casar*), que cando menos nun comezo parecía referirse a “construccioncs precarias, no utilizadas probablemente como vivienda, sino como cobertizo o almacén de los aperos de labranza” (Álvarez Maurín 1994: 305). A presenza de *casal* / *casar*

na nosa toponimia é moi elevada, en ocasións mesmo combinándose con nomes persoais, como vemos en *Casalbieito*, *Casalpeguito* e similares.

**2.3.3. Casanova, A:** O núcleo nominal procede do latín *CASA* ‘cabana de pastor, choupana’, quizais un empréstimo ou voz preindoeuropea que desprazou o termo clásico *DOMUS* e sobreviviu nos romances (Álvarez Maurín 1994: 304). O adxectivo que o acompaña é feminino de *novus* (< latín *NOVUS*). O topónimo *Casanova*, con ou sen artigo determinado, é moi abondoso en todo o territorio galegofono.

**2.3.4. Cerdeiriñas, As:** Diminutivo do fitónimo *cerdeira*, que á súa vez remite ao latín vulgar \**CERĒSĪA* ‘cereixa’ (fronte ao clásico *CERĀSĪUM*) a través dun suposto derivado \**CERESĀRIA*. A evolución deste último, segundo Coromines (*DCECH*, s.v. *CEREZA*), implicaría unha fase previa *cerzeira* que pasaría a *cerzeira* (por síncope da vogal pretónica medial) e este último a *cerdeira* por disimilación. Existe tamén a variante masculina *cerdeiro*, mentres que *cerxeira*, *cerxial* e similares son formacións máis recentes creadas directamente a partir do romance *cereixa*.

**2.3.5. Cima de Vila:** véxase *ARANTE*, §2.1.4.

**2.3.6. Fornelo:** Diminutivo mediante o sufixo *-elo* (< lat. *-ĒLLŪ*) do subst. *forno* (< lat. *FORNŪ*). Véxase *ARANTE*, §2.1.6.

**2.3.7. Irexe:** Estamos perante unha evolución do latín *ECCLESĪA* (véxase *CEDOFEITA*, §2.2.5), na que hai que supoñer varios cambios fonéticos como son a vocalización da consoante oclusiva velar homosilábica (*ec-* > *ei-* ou sexa *Eirexa*), a aférese (talvez motivada polo uso do topónimo en contextos preposicionais, como p.ex. *de Eirexa* > \**de Irexa*) e a palatalización da vogal postónica final [a] (> [e]), que conta con moitos paralelos na nosa toponimia, como na propia forma (*A*) *Eirexe*, p.ex.

**2.3.8. Maizán:** Pola súa estrutura, este topónimo quizais poida interpretarse como descendente do xenitivo dun antropónimo, se ben non fomos capaces de precisar exactamente cal, ao carecermos de documentación o suficientemente antiga. Podería pensarse talvez nun nome \**MANICIĀNŪS* ou similar, pois nun texto do mosteiro de Xunqueira de Ambía con data de 1150 menciónase a un *Martinus Manici de Ascalona*, onde *Manici* podería ser o patronímico en xenitivo dun hipotético *Manicius*.

**2.3.9. Moural:** A explicación deste topónimo debe encontrarse no substantivo *moural*, que Aníbal Otero recolleu co valor de “Bestiego. Aplícase a la tierra de aspecto negruzco y a sendas variedades de urce, carpanza y roble” (*HERGP*). Neste suposto, a orixe desta formación estaría no adxectivo *mouro* (< latín *MAURŪS*) ao que se lle engadiu o sufixo *-al*.

**2.3.10. Rego, O:** véxase ARANTE, §2.1.11

**2.3.11. Sendín:** Tanto esta forma como os cognados *Sandín* e *Sindín* proceden dun antigo (UÍLLA) SENDINI, xenitivo do antropónimo xermánico SENDINŪS, formado á súa vez a partir do gótico *sinþs* ‘camiño’ e o sufixo xermánico *-eins* (HgNb §241/24).

**2.3.12. Venda, A:** Cremos posíbel relacionar este topónimo co derivado regresivo *venda* ‘acción de vender’, ‘contrato mediante o que se entrega unha cousa por un prezo pactado’, procedente de *vender* (< latín UENDERE). Deste xeito, o topónimo aludiría a unha terra ou porción de terra que foi vendida nalgún momento da historia, acción da que derivou a súa denominación. Lémbraos por tanto outros topónimos galegos como *A Manda*, *A Pensión*, *A Renda* e similares.

**2.3.13. Xunqueira, A:** Derivado abundancial, mediante o sufixo *-eira*, do fitónimo *xunco* (< latín IŪNCŪM), con evolución anómala da vogal tónica etimolóxica quizais debida á nasal homosilábica. O derivado *xunqueira* funciona como apelativo en galego co significado ‘zona húmida onde abundan os xuncos’, co cal é sinónimo de *xuncal* (Ir Indo, s.v. XUNQUEIRA).

**2.4. COVELAS (San Vicente)**

Topónimo ben documentado nos textos medievais, a través de formas como *sanctus Uincencius de Couelas* (1124), *Couelas* (1202, 1286), *Couellas* (1286, 1287), *sancti Vincencii de Couelis* (1373) ou *San Viçenço de Cubelas* (1488). Atendendo ás características gráficas destes rexistros (polo demais moi estábeis) e ás propias circunstancias orográficas do lugar (un núcleo habitado encravado no fondo dun pronunciado val) debemos estar ante un diminutivo (mediante o sufixo *-ela* < latín -ĒLLA) do substantivo *cova* ‘burata, cavidade natural do terreo’, tal e como acontece con outros topónimos referidos a entidades coas mesmas características, como *Vilacova* e similares. A forma *cova* ascende ao latín hispánico (e quizais prelatino) \*CŌUA, que desprazou a forma CAUĒA. A pronuncia espontánea do lugar pecha moito a vogal pretónica, de xeito que é doado escoitar a variante [ku'βelaʃ].

Dentro do termo de Covelas existen os seguintes núcleos de poboación:

**2.4.1. Anzas, As:** Documentase no período medieval como *Asanza* (1202) e *sanctus Tomas de Asanza* (1124) na documentación catedralicia de Mondoñedo. O sentido netamente hidronímico do topónimo obsérvase no famoso diploma do Rei Silo (c. 775), no que se alude a propiedades *inter ribulum Alesancia et Mera*.

Procede dun derivado ALESANTĪA, creado a partir do radical indoeuropeo \**el-* ‘vermello, pardo’ (IEW 302 e ss.), que acabou tendo usos hidronímicos e xerando topónimos como *Esgos* (< ALESICŌS), *Aliso*, *Alesia*, *Alistro*, *Aussonce* (< ALISONTĪA) ou, conforme ao que aconteceu con outros radicais hidronímicos similares, tamén un fitónimo como *aliso*, nome dunha árbore que medra á beira das correntes fluviais (Bascuas 2002: 260 e ss.). No tocante á secuencia sufixal *an-t-*, é moi habitual na hidronimia de filiación antigo-europea (véxase ARANTE §2.1), como tamén a secuencia *-ĭa*, sobre todo en combinación coa anterior (cfr. *Barbanza* < \*BARB-ANT-ĪA, *Caranza* < \*CAR-ANT-ĪA, etc.).

A evolución do primitivo ALESANTĪA dá por vía regular a forma medieval *Asanza*, sobre a que se produciu unha deglutinación da secuencia inicial [aʃ] (interpretada como artigo determinado, i.e., \**As Anza*), o cal, á súa vez, determinou a pluralización antietimolóxica do topónimo (\**As Anza* → *As Anzas*).

**2.4.2. Batais, Os:** A orixe deste topónimo atópase no apelativo *batán* ‘mecanismo artesán que se arma nun lugar con abundante auga corrente e que, aproveitando a forza que lle proporciona, bate o pano até transformalo nunha especie de feltro’. Máis en concreto, trátase do plural característico da zona (e, en xeral, de todo o galego oriental) para as palabras oxítonas rematadas en *-n* (*batán* → *batais*, *can* → *cais* ou *paspán* → *paspais*). Canto á etimoloxía, *batán* é termo de orixe incerta, aínda que pode ascender ao árabe *baṭṭān* ‘batán’, relacionado con *bitāna* ‘pel de carneiro preparada’. Outros autores, en troques, prefiren relacionar *batán* co verbo *bater* (< latín BATTŪERE) (DCECH, s.v. BATÁN).

**2.4.3. Cabana, A:** Dun latín tardío CAPANNA, posiblemente de orixe céltica (DCECH, s.v. CABAÑA). A voz galega *cabana* conserva, á beira da acepción común ‘construción rústica’, outras máis específicas e menos frecuentes propias do medio rural, como ‘morea de canas de millo de forma cónica’ ou ‘vaca cos cornos longos e abertos cara ós lados’, que en calquera caso non deben estar na base do noso topónimo.

**2.4.4. Capela, A:** O substantivo *capela* designa un edificio pequeno destinado ao culto, ou ben a un espazo concreto dentro da igrexa con altar e advocacións particular. De todos os xeitos, a súa orixe atópase no latín tardío \*CAPPĒLLA, diminutivo da voz de orixe descoñecida CAPPĀ (DCECH, s.v. CAPILLA). No lugar en cuestión non perviviron restos de ningunha capela.

**2.4.5. Carboeiros, Os:** Derivado do substantivo *carbón* (< latín CARBŌNEM, acusativo de CARBO, -ŌNIS) mediante o sufixo *-eiro*, que neste caso debeu utilizarse para crear un *nomen agentis*, pois *carboeiro* aparece nos nosos dicionarios con acepcións como ‘persoa que fai ou vende carbón’. De feito, no lugar dos

Carboeiros existe aínda hoxe a Casa do Carboeiro, que pode facer referencia a esa circunstancia. Xa que logo, Os Carboeiros puido ser un lugar onde noutrora se elaborou carbón ou onde viviron persoas dedicadas a esa actividade que acabaron por darlle nome á zona.

**2.4.6. Casa da Hedra, A:** Lugar que tomou o seu nome do dunha casa que aínda hoxe existe. O núcleo nominal procede do latín *CASA* (véxase COUXELA, §2.3.3), mentres que o modificador *hedra* é o nome dunha planta rubideira (a *Hedera helix*) coñecida noutras partes do territorio galegófono como *hedres*, *adreira*, *areira* (esta última aboada en Tui polo padre Sarmiento), etc. En última instancia, todas estas variantes representan distintas posibilidades evolutivas do latín *HĒDĒRA* (> portugués *hera*, castelán *hiedra* / *yedra*, asturiano *yedra* / *yedre*, catalán *heura*, rosellónés *helra*... véxase DCECH, s.v. HIEDRA). Outros topónimos relacionados con esta mesma base léxica son *Hedrosa*, *Hedrada*, *Penadrade*, *Os Edreiros*, *Erosa* / *Herosa*, *Oroso*, etc.

**2.4.7. Celeirós:** Na base deste topónimo debe estar o substantivo *celeiro*, que aínda hoxe presenta acepcións como ‘construción ou compartimento para gardar os cereais’, ‘tipo de hórreo’, ‘alpendre’ ou ‘sitio da casa que se emprega para gardar as provisións’. O substantivo *celeiro* procede do latín *CELLĀRIŪ*, derivado á súa vez de *CELLA*, vivo hoxe na voz *cela* ‘dormitorio individual nun convento, cárcere ou colexio’. O topónimo *Celeirós* explicariáse máis en concreto por un diminutivo \**CELLĀRIŌLOS* (> \**Celeirolos* > \**Celeiroos* > *Celeirós*, con vogal tónica aberta).

**2.4.8. Esfolado, O:** Cremos que este topónimo se formou a partir do verbo *esfolar* ‘arrincarlle a pel a un animal’, procedente do latín vulgar \**EXFOLLĀRE*. Idéntica orixe debeu ter o topónimo *As Esfoladas*, no concello de Irixoa. A toponimización deste termo puido deberse en ambos os dous casos á súa aplicación metafórica a un terreo pelado e sen vexetación. Tampouco se pode descartar que fose en orixe un sobrenome persoal que acabase por lle dar nome ao lugar, como aconteceu en tantos outros casos.

**2.4.9. Marelle:** Na nosa opinión, a orixe desta forma debe estar no antropónimo latino *AMARELLUS*, baseado á súa vez no termo homónimo do latín hispánico que xurdiu como diminutivo do adxectivo *AMARUS* ‘amargo’ (Boullón 1999, s.v. *AMARELO*) e que acabou atinxindo o significado cromático que aínda hoxe conserva o seu descendente galego (*a*)*marelo* (castelán *amarillo*). Un antigo sintagma \*(*U*)*LLA* *AMARĒLLI* explica tanto o topónimo ribadense *Marelle* (no que se observou a aférese da vogal inicial), así como os topónimos *Amarelle* existentes no territorio galego. Piel (1948: 27) sinala como descendentes deste mesmo nome persoal o topónimo portugués *Amarelhe* e o galego *Amarelá* (dun antigo \*(*U*)*LLA* *AMARELLĀNA*).

**2.4.10. Mondigo, O:** O lugar en cuestión debeu tomar esa denominación a partir da do monte do mesmo nome, a vulgar polo artigo determinado (cfr. lugares como *O Ézaro, O Tambre, O Pindo* e similares, que toman os seus respectivos nomes do de accidentes xeográficos próximos). O topónimo aparece como *Mondiso* nun documento de 1002 (debe ser má lectura ou transcripción defectuosa de *Mondigo*). Unha opción sería explicalo a partir do indoeuropeo *men-* ‘elevarse, dominar’ (*IEW* 726, 732), raíz sobre a que se xeraron termos orográficos como o latín *MONS, MONTIS* ‘monte’ ou o antigo bretón *-monid* e címrico *mynydd* ‘monte’, entre outros. Canto ao sufixo, podería tratarse do sufixo tónico céltico *-īko*, presente en substantivos como *barrica* ou *artiga* (quizais tamén en *cantiga*, véxase Coromines 1949: 336) e en formacións toponímicas como *Amarigo* ou *Nariga*, entre outros (Bascuas 2002: 215).

**2.4.11. Ponte, A:** véxase ARANTE, §2.1.9.

**2.4.12. Pousadoiro, O:** Trátase dun derivado do verbo *pousar* ‘deixar algo nun lugar’ (< latín *PAUSĀRE*), creado mediante a adición do sufixo *-(d)oiro*, que indica lugar onde se realiza unha acción. Deste xeito, o topónimo *Pousadoiro* e outros coa mesma orixe (como *Pousada* ou *Pouso*, p.ex.) daríalle nome a zonas máis ou menos chás ao final dunha costa, utilizadas para facer un descanso. Un sentido parecido detéctase en compostos como *Pousafoles* (Padrenda) e *Pousacarro* (Porto do Son), entre outros. De todos os xeitos, tanto *pousadoiro* como a variante protética *apousadoiro* figuran nos nosos dicionarios como voces comúns. Así, Eladio Rodríguez (*DEGC*, s.v. *POUSADOIRO*) define o termo como “Descansadero, lugar apropiado para descanso” ou “Arrimadero que hay en algunos caminos aldeanos, para que en él pueda poner la carga el que quiera descansar”.

Interpretación lixeiramente distinta é a ofrecida por Ferreira Priegue (1988: 32-33), ao indicar que “al pie de los cruceros, y en previsión de estas estaciones estaba el *pousadoiro*, especie de banco o mesa donde se depositaba la caja o andas con el cuerpo del difunto mientras se hacía un alto y se le rezaba un responso”.

**2.4.13. Reme de Arriba:** Este topónimo encóntrase ben documentado nos textos medievais, e aparece baixo formas como *Raeme* (1286, 1287, 1297), *Reeme* (1297, 1373), as cales evidencian a existencia dunha consoante intervocálica etimolóxica que caeu. Esa circunstancia xerou un grupo vocálico [ae] que evoluiu mediante asimilación ([ee]) e crase ([ε]), o cal explica a pronuncia actual do topónimo no que á súa vogal tónica se refire ([ˈreme]). A forma *Reme* repítese como constituínte dun sintagma máis amplo en *Villarreme*, nome dunha localidade do concello do Saviñao que demostra que estamos perante o continuador do xenitivo dun antigo nome persoal. No concello do Saviñao existe un lugar chamado *Villarreme*, probábel

cognado do topónimo ribadense se ben con conservación do núcleo nominal UĪLLA. Nicandro Ares (1996: 261) explica o a partir do cognome latino REMUS (LC 202), hipótese que desde logo non pode aplicarse ao *Reme* ribadense (dadas as devanditas características grafo-fonéticas das súas atestacións medievais).

**2.4.14. Sa:** Topónimo moi abundante en Galicia e, en xeral, no Noroeste peninsular e que responde á evolución patrimonial do tema xermánico \**sala* ‘pazo, residencia dun señor’ (Piel 1989: 123-124). Na toponimia maior coñecemos tamén a variante graficamente máis conservadora *Saa*, e tamén compostos como *Saavedra* (< SALA UĒTERA) ou *Sasdónigas* (< SALAS DOMINICAS), entre outros.

**2.4.15. Salcedo:** Estamos perante a evolución dun derivado abundancial SALICĒTŪM creado a partir do acusativo do fitónimo SALĪX ‘salgueiro’. O derivado SALICĒTŪM deu lugar ao romanés *salcet*, italiano *salceto*, francés *saussaie* e provenzal *sauzeda* (Aebischer 1950: 70). Na toponimia galega existen tamén as formas femininas *Salceda* e *Saceda*, resultado esta última dunha evolución alternativa de SALICĒTA (Navaza 2006: 493-496).

**2.4.16. San Vicente:** Piel (1950: 45-46) indica que San Vicente é un dos mártires máis representativos, motivo polo cal se encontra presente no culto de toda a igrexa latina xa desde época temperá, pois podemos atopar xa documentada unha *ecclesia sci Vincentii martyris Valentini* na última década do século VI. A forma *Vicente* explícase a partir do antropónimo latino UĪNCENTĪŪS, formado, como tantos outros de inspiración cristiá, a partir do participio de presente dun verbo, neste caso de UĪNCERE ‘vencer’. Máis en concreto, *Vicente* remite ao xenitivo UINCENTĪI, mentres que *Vicenzo*, tamén testemuñado na toponimia, procede do caso recto UINCENTĪŪ.

**2.4.17. Silveira, A:** Trátase dun derivado do étimo latino SĪLVA ‘bosque’, aínda conservado baixo a forma etimolóxica no territorio galego-portugués. Tanto este vocábulo SĪLVA como LŪCUS ‘bosque sagrado’ e SALTUS ‘arboleda’ foron reemprazados polo castelanismo *bosque* de entrada máis tardía.

Este termo sufriu unha extensión no seu significado, pasando de designar nun inicio ‘bosque’ a nomear á silveira (*Rubus fruticosus*) ‘Arbusto, da familia das rosáceas, que presenta talos longos e espiñentos, follas pequenas e flores de cor branca ou rosada dispostas en corimbos e ten como froito a amora’ (Ir Indo, s.v. SILVEIRA).

**2.4.18. Somo, O:** Debe proceder do latín SŪMMUS ‘o máis alto’, tal e como suxire ademais o feito de se situar nunha elevación de terreo. Marcial Valladares recolleu o termo *somo* dándoo como arcaísmo e definíndoo como “Cumbre, cima, pináculo, cresta” e “Lo más alto” (DGC). Tamén se rexistra como apelativo o feminino



*soma* “Terra que queda a ambos os dous lados dun rego, máis elevada ca a parte central” (Ir Indo, s.v. SOMA), e para o que Aníbal Otero recolleu outras acepcións como “Altura natural de terreno que, a modo de vallado, divide dos heredades” (HERGP) ou “Cuando un terreno hace hondonada por un lado y por otro”. Termos relacionados con esta base léxica son *asomada* e *asomar*, entre outros. Na toponimia maior galega non coñecemos máis exemplos, aínda que si noutros dominios ibéricos, como p.ex. as formas *Las Asomadas*, *La Asomada*, *La Somada* ou *La Somadilla*, aboadas en Valladolid e que indicarían “eminencia tras la que aparece la visión de un lugar” (Sanz Alonso 1997: 86).

**2.4.19. Vilar, O:** O termo *vilar* foi moi produtivo na toponimia galega e procede en última instancia dun sintagma \*(TÈRRA) UÏLLĀRE, cuxo modificador era un adxectivo derivado de UÏLLA (véxase **Vilela** §2.4.20). A secuencia dáballe nome a unha explotación agraria aparecida nos confins dunha *villa* e que acababa adquirindo entidade propia (Baliñas 1992: 221), e na actualidade o substantivo ten como acepción máis habitual ‘aldea pequena, pequeno lugar’.

**2.4.20. Vilela:** Trátase do diminutivo latino UÏLLĒLLA procedente do étimo VĪLLA ‘casa de campo, herdade’ (que á súa vez deriva do radical do vocábulo UĪCŪS). A forma UÏLLA sufriu xa no propio latín unha extensión do seu significado pasando a cubrir tamén a acepción de ‘poboación de tamaño medio’, acepción que se mantén nas linguas romances. No caso do descendente francés *ville* esta amplificación de significado seguiu evolucionando até cubrir a actual acepción de ‘cidade’, e será un derivado desta mesma palabra, *village*, a que recolla o sentido de ‘poboación menor’. Debido a isto, para podermos discernir se se trata dun ou outro significado teremos que ter claro cal foi a época en que se fixou o topónimo.

## 2.5. DEVESA, A (Santalla)

O nome da freguesía procede do latín DĒFĒNSAM (> castelán *dehesa*), participio de perfecto de DĒFENDŌ ‘excluir, protexer’ (DELL), que ademais de ‘defender’ tamén significaba ‘prohibir’, acepción esta última que cadra coas restricións as que estaban sometidas antigamente as devesas ou terras adevesadas. Así, o termo *devesa* designaba arboredos de propiedade comunal cuxo aproveitamento estaba sometido a determinadas restricións. A partir do século XVI as devesas reais, que daquela aínda mantiñan o seu carácter colectivo, pasaron a considerarse propiedade do rei e estaba prohibido extraer madeira ou leña delas, pois esta reservábase para a construción naval. Xa que logo, a (TĒRRAM) DĒFĒNSAM era unha ‘terra acoutada’, mais o termo *devesa* desenvolveu tamén outros valores como “Terra cercada destinada a pasteiro ou a bosque” (DLGa), “Terreno más extenso dedicado a cultivo” (DEGC), “Lugar

poboado de arbustos variados” (C. García 1974: 66), “Terra cerrada con árbores autóctonas, carballos fundamentalmente” (López Castro 1990: 95) etc. Xulia Marqués (2004: 734) indica que en Trabada e en toda a comarca da Mariña “non é un apelativo vivo, aínda que, os topónimos actuais coinciden en designar terreos a monte, polo que, de inicio, o sentido local puido ser ‘bosque cerrado’”.

Dentro do termo da Devesa existen os seguintes núcleos de poboación:

**2.5.1. Avesada, A:** Estamos perante o participio do verbo *vesar* ‘roturar a terra’, ‘labrar a terra de xeito que os terróns e a codia vaian para o fondo do rego’. Á súa vez, *vesar* procede do latín *UERSĀRE* ‘roturar co vesadoiro’. Unha vesada é, pois, unha terra gañada ao monte para cultivos, motivo polo cal se rotura. Segundo Eladio Rodríguez, *vesada* é o “Campo *lameiro* o prado que se cultiva”. Elixio Rivas define o termo como “Terreno llano, algo extenso [...] Tierra labrada” (*FrampasII*, s.v. *VESADA*). A forma *A Avesada* explícase probabelmente pola aglutinación antietimolóxica do artigo determinado feminino (cfr. *lagoa* / *alagoa*, *bidueira* / *abidueira* e similares).

**2.5.2. Barral, O:** Para o lexema *barro*, véxase *ARANTE*, §2.2.1. Neste caso derivado mediante o sufixo abundancial *-al*, para indicar os lugares onde a causa da grande humidade o seu terreo e unha especie de lameiro.

**2.5.3. Barrio da Campana, O:** O galego e castelán *barrio* (portugués *bairro*, forma tamén rexistrada nos dicionarios galegos) parece proceder do árabe *barr* ‘periferia dunha cidade’, ou mellor dun derivado *barrí* ‘exterior’ (Álvarez Maurín 1994: 312). Alude, ao igual ca outros termos como *arrabaldo*, *arrabal* e similares, a unha zona habitada situada nas aforas dun núcleo poboacional maior, aínda que tamén pode facer referencia a cada unha das partes nas que se divide ese núcleo poboacional. Canto ao modificador, debe ser unha forma castellanizada de *campá* (< latín *CAMPĀNA*), tal e como parece apuntar o feito de *O Barrio da Campana* ser o nome das casas adxacentes á igrexa parroquial.

**2.5.4. Barrio Novo:** véxase *DEVESA*, §2.5.3. Canto ao adxectivo, procede do latín *NŌUŪS*.

**2.5.5. Cepetal:** Procede do latín *CĪPPŪM* ‘poste’, designando a parte do tronco dunha árbore que queda unido á raíz cando esta se corta. A esta base engádeselle o sufixo *-al* con valor colectivo ou abundancial. Por outra parte, na pronuncia oral obsérvase unha disimilación da vogal pretónica (*\*Zopetal*), favorecida probabelmente pola presenza dunha consoante bilabial na sílaba seguinte, como en *semana* > *\*somana* ou *levar* > *\*lovar*, por exemplo.

**2.5.6. Cinxe:** Procede do xenitivo dun nome de posesor xermánico CENDUS, antropolónimo xermánico monotemático constituído polo gótico \**kind-* ‘descendencia, estirpe’ (HgNb 162 / 8c). De feito, atopamos a forma *Cinde* como nome dun confirmante nunha doazón ao mosteiro de Bacoí con data de 1010 e contida no Tombo de Lourenzá. O topónimo ribadense ten un cognado *Cende* no concello pontevedrés de Covelo, o que nos sitúa ante un par similar a outros como *Sinde* / *Sinxé*, *Quende* / *Quenxe* ou *Gosende* / *Gosenxe*. Aínda que Bascuas (2001: 639-640) quixo explicar a forma *Cinxe* como o resultado dunha asimilación progresiva exercida pola africada dentoalveolar inicial [ts] sobre a oclusiva dental ([d] > [dʒ]), cremos máis plausible pensar en que en todos estes casos tivo lugar unha palatalización da consoante [d] por efecto do -i final do xenitivo (Martínez Lema 2010: 280-281).

**2.5.7. Esteiro:** Prové do latín AESTUARIŪM, que podemos definir, ao igual có seu continuador galego *esteiro*, como “Espazo costeiro produto da invasión cotiá das mareas do medio terrestre na desembocadura dalgúns cauces fluviais e que, as máis das veces, están parcialmente illados do mar por unha barra areosa ou por un estreitamento rochoso” (Ir Indo, s.v. ESTEIRO). É un topónimo frecuente por toda a Galicia costeira.

**2.5.8. Lagar, O:** Topónimo baseado no apelativo *lagar* ‘depósito onde se exprimen certos froitos para extraerlles o zume’, ‘lugar onde se atopa o lagar’, procedente á súa vez dun derivado LACĀLE ‘depósito de líquido’, que en latín designaba igualmente o lagar de viño e máis o de aceite (*DCECH*, s.v. LAGO). Á súa vez, LACĀLE é un derivado do substantivo LĀCUS, para o cal De Miguel (*NDLEE*, s.v. LĀCUS) ofrece significados como “Lago”, “Pila, pilón”, “Cuba de gran capacidade”, “Granero para guardar legumbres” ou “La pila en que los cerrajeros y otros artifices templean los metales”.

**2.5.9. Liñeiro:** O latín LĪNŪM deu lugar ao galego *liño* (portugués *linho*, castelán *lino*), nome da planta que ten como nome científico *Linus usitatissimum*. Xa en latín, a TĒRRĀ LĪNĀRIA aludía ás terras nas que se cultivaba o liño manso. O derivado *liñeiro*, que pode considerarse xa como de formación romance, faría mención a esta circunstancia, pois os nosos dicionarios adoitan recoller o vocábulo como sinónimo de *liñar*, aínda que Eladio Rodríguez (*DEGC*, s.v. LIÑEIRO) aboa tamén o significado “Persona que trata en tejidos de lino”.

Unha outra opción etimolóxica (ao noso xuízo menos probable) sería relacionar *liñeiro* co substantivo *leña*, que remonta en última instancia ao latín LIGNUM ‘madeira’. De feito, Elixio Rivas recolleu a forma *liñeiro* en Friol como “Sitio de la leña” (*FrampasII*). Trataríase en orixe dun derivado *leñeiro*, cuxo paso a *liñeiro* podería deberse á acción do ditongo decrecente [ej] e / ou á da consoante nasal palatal.

**2.5.10. Meirengos:** No Tombo de Lourenzá aparece notado de diferentes maneiras: *Meyringos*, *Meyrengos*, *Mairengos*, *Meirengos* (s. XIII), rexistros que poderían facer pensar nunha posíbel relación co termo *meiriño* (< latín MAIORINŪM). Mais, por outra parte, o vocábulo contén o sufixo *-engo*, bastante usual na creación de xentilicios, é dicir, adxectivos derivados de nomes de lugar e/ou señoríos. Deste xeito, o topónimo podería estar dando nome a un lugar que recibiu xente desprazada doutra localización xeográfica, concretamente neste caso de Meira, tal e como acontece con outros topónimos galegos que fan referencia á mesma circunstancia histórica, como *Meirás* (medieval *Merianes* Tombo de Sobrado 1122). Mais ao non atoparse até o momento documentación máis antiga, o que vimos de dicir non pasa de ser unha mera hipótese.

**2.5.11. Noceda:** Procede dun derivado NŪCĒTA creado mediante a adición do sufixo de valor abundancial *-ETA* á forma NŪCEM, acusativo do latín NŪX ‘noz’. Relativamente preto deste lugar, no concello de Trabada, rexístrase unha forma *A Nocenda*, cunha consoante nasal antietimolóxica. Este mesmo procedemento podemos rexistralo en formas como, por exemplo, o adverbio *ninguén* < NEC QUEM, etc.

**2.5.12. Olleiros, Os:** Derivado do substantivo *ollo* (< latín ŌCŪLŪM), que neste contexto desenvolveu a acepción de ‘nacente de auga’. O topónimo *Os Olleiros* ten un significado máis específico de ‘punto en que asoma a auga’. Nos lugares costeiros do concello parece contar cunha considerábel produtividade, mais facendo alusión á auga do mar que entra en terra: *Ollo Redondo*, *Ollo de Porto*, *Ollo de Estornín*, *Ollo Cheirón*, etc.

**2.5.13. Pedreira, A:** Derivado do substantivo *pedra* (< latín PĒTRAM), lexema de grande produtividade na toponimia galega. Máis en concreto, o substantivo *pedreira* presenta en galego valores como “Pedrera, cantera, sitio o lugar de donde se sacan las piedras” ou “Montón de piedra sacada ya de la misma cantera” (*DEGC*, s.v. PEDREIRA).

**2.5.14. Preixoana, A:** Interpretamos este topónimo como evolución dun primitivo sintagma *\*A Pereira Xoana*, onde por posición proclítica, se perde a última sílaba (*A Perei Xoana*) para finalmente sincoparse a vogal pretónica (*A Preixoana*). Parece razoábel pensar na intervención do xinecónimo *Xoana* ao igual que noutros nomes de lugar afíns e estruturalmente máis transparentes, como *Fontexoana*, no concello de Cervantes.

**2.5.15. Rato, O:** O topónimo *O Rato* pode ter cando menos tres vías de explicación, xa que polo momento non fomos capaces de localizar documentación medieval que permita comprobar a súa orixe. Por un lado podería tratarse dun alcume (medieval

ou posterior) do dono desas terras, mais tampouco debería descartarse que se tratase dun lugar onde se pagaba unha *renda rata* no sentido dunha renda ratificada ou confirmada. A terceira hipótese é que proveña de RAPTŪM, participio do verbo latino RAPIŌ, que faría alusión á forza do río, coma no caso do seu homónimo, o río lugués *Rato*. Como explicación ao anterior debemos dicir que até o momento non se atopou documentación onde conste nin o alcume nin a referencia a unha renda especial, e atendendo ás características do terreo trátase dun lugar bastante chan onde hai un regato que conta cun caudal pequeno de auga. Por outro lado, unha cuestión que nos parece significativa é que o nome designa o lugar e non propiamente o río, xa que para se referir ao curso de auga utilízanse denominacións como *Río de Sá* ou *Río do Lagar*; é por este motivo que a denominación de *Río do Rato* parece tamén puramente locativa (ao igual cás outras dúas), tomando os nomes dos lugares polos que transcorre e non como nome propio do río, mais esta situación puido non ser a mesma antigamente e agora ficar así simplemente pola perda da consciencia do referente.

**2.5.16. Rochela, A:** Trátase dun diminutivo mediante o sufixo *-elo* (< latín *-ĒLLŪS*) do substantivo *rocha* ‘pedra, penedo’ (castelán *roca*), moi presente na nosa toponimia ben a través da forma simple ben mediante derivados como *Rocheira*, *Rochiña*, a propia *Rochela* e similares. Malia esta rendibilidade, a orixe do apelativo *rocha* non está demasiado clara, aínda que podería tratarse dun galicismo (Marqués Valea 2004: 229).

**2.5.17. Viladroiro, O:** Aparece como *Braladuiro* nun documento catedralicio de Mondoñedo con data de 1202. No Tombo de Lourenzá atopámolo nas secuencias antroponímicas *Petrus Gundisaluiz de Bruladuru* (c. 1150-1266) e *Petro Gunçalviz de Bruladoyro* (1258), alusivas ambas as dúas ao mesmo personaxe. Son, até onde nós sabemos, os únicos testemuños deste topónimo nos textos medievais. Deles podemos tirar algunhas conclusións: en primeiro lugar, a vulgar polo sufixo *-(d)oiro*, que se trata de derivados deverbais nos que o devandito afixo achega a idea de ‘lugar onde se realiza ou ten lugar unha acción’; en segundo lugar, que a base léxica acabou por asociarse co substantivo *vila*, seguramente pola concorrencia nesa contorna xeográfica de topónimos como *Vilagoíz*, *Vilandriz*, *Vilaselán* ou *Vilaframil*, entre outros. Non sabemos con certeza cal pode ser o lexema verbal sobre o que se formou esta denominación toponímica, e só podemos facer conxecturas a partir dos poucos datos de que dispomos. Unha posibilidade sería pensar no verbo *brullar*, que Elixio Rivas (*FrampasII*, s.v. BRULLAR) define como “Silbar, sonar el viento”. Trataríase por tanto dun lugar onde zoa especialmente o vento, circunstancia coherente coas propias circunstancias orográficas do lugar (situado nunha elevación do terreo non demasiado afastada do mar) e tamén coa existencia no territorio

galego doutros nomes de lugar referidos a esa mesma característica (*O Mesón do Vento, Ventosa...*)<sup>3</sup>.

**2.5.18. Vilagoiz:** É posíbel remontar este topónimo a unha secuencia do tipo \*UĪLLA GAUDĪTĪ, sendo o seu propietario un individuo de nome GAUDITĪŪS ou GAUDICIŪS. Nos Tombos da Catedral de Mondoñedo aparece rexistrado baixo as formas *uilla Uolisi* e *Uillaurt* (má lectura por *Uillauit*), ambas as dúas nun documento con data de 1002.

O nome persoal GAUDĪŪS (NL 46) xerou segundo Piel (1948: 76) un elemento patronímico xa romance *Góis*, que podería ser a base do segundo constituínte deste topónimo. Segundo este autor, a forma en cuestión “explicar-se-ia de um modo fonològicamente satisfatório pelo patronímico *Gaudizi*, apuntando acima, que, como todos os apelidos deste tipo, recibe o acento do tema”.

**2.5.19. Vilandriz:** Provéen moi posibelmente dunha forma \*UĪLLA ANDERĪCĪ, que rexistramos nos Tombos da Catedral de Mondoñedo baixo variantes como *uilla Aldrisi* e *Villam Aldrit*, en senllos documentos do 1002. O antropónimo ANDERĪCŪS (Boullón 1999: 131) alude a unha procedencia xermánica cuxa forma está constituída por dúas bases diferenciadas: por unha parte, o tema *and-* de xénese escura, quizais gótica, e pola outra a terminación xermánica *-reiks*. A forma *Andericus* aparece varias veces como nome de posuidor na documentación medieval do Tombo de Sobrado.

**2.5.20. Volta, A:** Este topónimo debe explicarse a partir do participio do verbo latino UŌLUĒRE, de onde xurdiu o verbo *volver*, común a galego, portugués e castelán. O substantivo *volta*, entre outros valores, utilízase en galego con significados como ‘curva, ángulo dun camiño ou dun río’ ou ‘cambio de dirección ou desvío dun río ou dun camiño’, ambos os dous susceptíbeis de uso toponímico. No caso que nos ocupa trátase da volta que fai o camiño que pasa polo núcleo habitado en cuestión.

## 2.6. OVE (San Xoán)

Contamos con abondosos testemuños deste topónimo na nosa documentación medieval, como *Eouo* (1002), *sancto Iohanne de Eoue* (1002), *sanctus Iohannes Euue* (1124), *Oue* (1343) e *San Juan d-Obe* (1488), que nos permiten ir observando a evolución desta forma e determinar a súa procedencia etimolóxica. Trátase sen dúbida dun hidrónimo que tamén intervéen como constituínte do topónimo *Ribadeo*,

3 De feito, pode aducirse como dato de interese que no veciño lugar de Meirengos existe unha casa aínda hoxe coñecida como *Casa de Ventoso*.

se ben experimentou evolucións diverxentes nunha e outra forma. Coincidimos basicamente con Bascuas (2002: 199 e ss.), quen, a partir das atestacións que vimos de aducir e dalgunhas outras, reconstrúe un composto *\*Oīw-upe*, formado a partir dun tema *\*oīwo-* (da raíz indoeuropea *\*ei-* ‘ir’, cfr. antigo indio *éva-* ‘corrente’ e similares) que tamén podemos illar noutros potamónimos como *Evas*, *Eume*, *Ebo*, etc. O segundo elemento dese composto é a forma atemática *\*-upe*, tamén con valor hidronímico en tanto que se relaciona probabelmente co radical *\*up-*, variante alternante de *\*ǎp-* / *\*āp-* ‘auga, río’ (IEW 52, 1149 e ss.).

Dentro do termo de Ove existen os seguintes núcleos de poboación:

**2.6.1. Aceñas, As:** O termo *aceña* remonta ao árabe *as-sāniya* ‘nora’, ‘muíño fariñeiro’ (DCECH, s.v. ACEÑA). Este vocábulo coñeceu unha dupla evolución en galego no que respecta ao tratamento da consoante nasal, que nun caso se fundiu co iode para dar lugar a unha nasal palatal (*aceña*), mentres que noutro sufriu lenición e síncope (*acea*). De feito na propia zona conviven oralmente as dúas denominacións para o lugar. As aceas son variantes dos muíños de auga e parecen ser de introdución relativamente recente (Marqués Valea 2004: 802), precisamente no lugar das Aceñas aínda existen restos de antigas construcións deste tipo, das que tomou o nome.

**2.6.2. Acevedo:** Derivado abundancial (co sufixo *-edo*) de *acevo* (< lat. AQUĪFŌLĪŪ). Aínda que o noso *acevo* deriva dunha forma un tanto afastada do latín clásico como é a forma *\*ACĪFŌLUM*, onde a primeira parte do vocábulo, *ACĪ*, achega o significado de ‘agudo’ e a segunda *FŌLĪŪM* o de ‘folla’, facendo alusión, por tanto, ás características da forma das súas follas.

**2.6.3. Capela, A:** véxase COVELAS, §2.4.4.

**2.6.4. Casas Novas, As:** véxase COUXELA, §2.3.3.

**2.6.5. Chao de Ove, O:** O núcleo nominal ao redor do que se vertebra este sintagma toponímico procede do adxectivo latino *PLĀNŪS* ‘chan’, posteriormente substantivado. A solución *chao* é a propia do galego central e oriental, fronte á variante *chan* das falas occidentais e canonizada no galego estándar.

**2.6.6. Covo, O:** Procede do adxectivo hispano-latino *\*CŌUŪS*, -A, -ŪM, e aplicaríase a un terreo de orografía cóncava. Estreitamente relacionado co anterior COVELAS §2.4.

**2.6.7. Eirexa, A:** véxase COUXELA, §2.3.7. *A Eirexa* é unha forma máis conservadora que mantivo o ditongo inicial e o timbre etimolóxico da vogal postónica final.

**2.6.8. Escaleira, A:** Procede do étimo latino *SCALĀRIAM*, que á súa vez remite a *SCĀLA*. O termo *escaleira* ten como significado máis habitual “Plano inclinado que serve para pasar dun nivel a outro mediante a descomposición da distancia vertical en chanzos adaptados á medida dun paso” (Ir Indo, s.v. ESCALEIRA). Neste caso en concreto, parece que a denominación toponímica podería ter xurdido por extensión semántica partindo da similitude formal entre o obxecto e a superficie á que fai alusión. Aínda así, podemos encontrar outro tipo de definicións plausíbeis que dean explicación ao uso desta palabra común para denominar un terreo. Así, Dobarro (1974: 141) aboa para a forma *escada* ‘escaleira nun muro que permite o acceso a unha leira’ ou Vázquez Fernández (1971: 100) no mesmo sentido ‘escalón ou grada de ascenso que fai accesible a entrada dun carro a un terreo’.

**2.6.9. Estación, A:** Topónimo baseado no substantivo *estación* ‘lugar onde un vehículo recolle e deixa mercadorías e viaxeiros’, procedente do latín *STATIŌNE*, á súa vez derivado do verbo *STĀRE*. Efectivamente, neste lugar atópase a estación de ferrocarril da liña Ferrol-Xixón.

**2.6.10. Faxarda, A:** Resulta factíbel explicar este topónimo a partir dun antropónimo non documentado \**FAGIARDŪS* ou similar, xerador en última instancia do apelido (é de supoñer que noutrora nome persoal) *Faxardo*.

A constitución dese antropónimo pode explicarse a partir da onomástica persoal xermánica, pois o tema inicial sería *fak-* / *fag-* (identificábel co gótico \**fahs* ‘alegre’, *fahēps* ‘alegría’ ou *faginôn* ‘alegrarse’, véxase Boullón (1999), s.v. *FAGILDUS*), mentres que o segundo elemento é o fránico *hardus* ‘duro, sólido’. A partir dese nome persoal, a forma toponímica *A Faxarda* poderíase interpretar como forma feminina do apelido *Faxardo* antes mencionado: por exemplo, como alusión a unha muller provista dese apelido que viviu noutrora no lugar en cuestión.

**2.6.11. Frieira a Nova / Frieira a Vella:** Acevedo recolle *frieira* nas áreas contiguas ao río Eo co valor de “Sabañón” (*VBO*), mais parece moi improbábel que ese significado puidese motivar unha denominación toponímica. Quizais haxa que fixarse en acepcións como: “Arroyuelo” (Valladares), “Arroyuelo, torrente” (Filgueira), “Sitio donde se siente mucho el frío” (Eladio), “Caída de agua” (Elixio Rivas), “Paso estrecho de agua en el río” (Constantino García) e similares. O étimo sería un derivado creado mediante a adición do sufixo *-ĀRIA* ao adxectivo *FRIGIDŪS* (> *frío*).

**2.6.12. Garitos, Os:** Topónimo baseado no substantivo *garito*, que entre outros significados presenta o de ‘cuarto pequeno e mal arrombado’. Estreitamente relacionados están termos como *garita* ‘caseta que serve de abrigo e defensa a un



sentinela', procedente do francés *garite* 'refuxio' e do que probabelmente proceda o vocábulo que nos ocupa. En última instancia, a orixe desta serie de formas é o xermánico *warjan*, xerador de apelativos semanticamente vinculados aos anteriores como *gorecer* e similares (Ferreiro 1999: 106).

**2.6.13. Graña, A:** O vocábulo *graña*, conservado só na toponimia, parece proceder do latín *GRĀNĒAM*, adxectivo derivado do substantivo *GRANŪM* 'gran'. Segundo Elixio Rivas (1982: 281), a \**UĪLLA GRANĒA* era orixinariamente a parte da *villa* romana que albergaba os celeiros onde se almacenaba o gran, para máis tarde denominar o conxunto do lugar. Tradicionalmente considerábase que o termo *granxa*, que acabou prevalecendo como apelativo e desprazando a voz tradicional *graña*, era adaptación do francés *grange*, á súa vez procedente dun derivado latino-vulgar \**GRANĪCA*. Este galicismo, como tantos outros, sería introducido polos monxes cistercienses. De todos os xeitos, non debería descartarse que *graña* e *granxa* sexan en realidade evolucións distintas do mesmo étimo *GRANĒA*: no primeiro caso, o iode embebeuse na nasal, dando como resultado a nasal palatal; no segundo, en troques, o iode consonantizou, xerando a actual consoante prepalatal.

**2.6.14. Grañol:** Quizais poida explicarse este topónimo a partir dun antigo \*(*UĪLLA*) *GRANĪŌLI*, no que se observa o xenitivo dun nome persoal \**GRANĪŌLŪS*. Aínda que esta forma non se documenta como tal, si consta a correspondente variante de feminino, ou sexa *GRANĪŌLA* (*LC* 1982: 167). Segundo parece, trátase dunha serie antroponímica prerromana á que pertencen outros termos como *GRANNUS*, *GRANNOS* 'radiado', utilizado como epíteto de Apolo en territorios de cultura e lingua céltica (Boullón 1999, s.v. *GRANILO*). Desde o punto de vista da evolución fonética, o xenitivo *GRANĪŌLI* pasa a *Grañol* en virtude da apócope do -i final, como en *Ferrol* (vs. *Ferroi*), *Piñor* / *Piñol* (vs. *Piñoi*) e outros antroponímicos con similar estrutura fonética.

**2.6.15. Guildeiros, Os:** Seguramente haxa que pensar nun derivado do fitónimo *guinda*, de orixe incerta, ou máis en concreto da variante *guilda* que Elixio Rivas (*FrampasII*) xa rexistra en Betán (Ourense) como nome da árbore que produce os ditos froitos. Segundo Coromines (*DCECH*, s.v. *GUINDA*), podería proceder dunha forma xermánica romanizada \**WĪKSĪNA* da que resultarían tamén o antigo catalán *guindola*, o antigo occitano *guilha*, *guina* ou o francés *guigne*. De paso, o filólogo catalán rexeitaba a hipótese formulada por Meyer-Lübke, quen vía a base última do vocábulo no grego *BYSSĪNUS* 'vermello' (Marqués Valea 2004: 387).

**2.6.16. Malatos, Os:** Procede do termo italiano *malato* (< *MALE HABITŪS*) 'enfermo', apelativo empregado para referirse aos hospitais que na Idade Media se crearon para recoller os enfermos de lepra. A malataría de Ribadeo foi fundada no s. XIV, e seguramente este topónimo ten que ver coa súa existencia.

**2.6.17. Palmeira, A:** Pode remitir ao fitónimo homónimo, que designa polo xeral a *Palma Phaenix dactilifera* e que procede do latín PALMA. De todos os xeitos, tampouco poden descartarse outras opcións, como o substantivo *palmeiro*, derivado á súa vez do fitónimo *palma* e que, tal e como indica Eladio Rodríguez (*DEGC*, s.v. PALMEIRO), aludía ao “Peregrino de Tierra Santa, que traía palma, como los de Santiago llevaban conchas o veneras en señal de su romería”. Neste caso, a toponimización podería vir dada mediante o seu uso como nome de casa.

**2.6.18. Pastoriza:** O termo *pastoriza* (notabelmente representado na nosa toponimia) aparece recollido en varios dos nosos dicionarios. Eladio Rodríguez (*DEGC*, s.v. PASTORIZA) define o vocábulo como “Albergue de pastores” e “Pastizal, terreno de pasto abundante”. Elixio Rivas (*Frampas II*, s.v. PASTORIZA) recólleo no Morrazo como “Zona de pastos, vega de pastos”, mais indica o seu carácter arcaico. Desde o punto de vista da etimoloxía, *pastoriza* procede do latín PASTORĪCIŪS, derivados á súa vez do participio do verbo PASCĒRE ‘pacer’ (Rivas 1982: 294-295).

**2.6.19. Pega, A:** Posibelmente teñamos como orixe deste topónimo o ornónimo *pega*, do latín vulgar \*PECA (pola forma clásica PĪCA ‘pega’, ‘especie de gralla’). De ser isto certo, quizais a súa toponimización, como noutros casos xa comentados, viñese dada a través dun previo uso antroponímico, i.e., como sobrenome persoal. De feito, aínda hoxe existe na freguesía de Ove a familia dos *Pegos*. O topónimo repítese noutros puntos de Galicia, concretamente nos concellos de Abegondo, Cambre, Ferrol e Sada, mentres que no de Neda rexístrase o sintagma *A Corredoira da Pega*.

**2.6.20. Reme:** véxase COVELAS, §2.4.13.

**2.6.21. Río de Ove, O:** Procede do termo latino RĪŪS ‘rego, canle’, reducido no latín vulgar a \*RIUS como xa se pon de manifesto no *Appendix Probi*. Ademais, neste termo confluiron tamén os valores procedentes de FLUMEN. Como se pode comprobar, o vocábulo *rio* aparece acompañado dun complemento locativo (neste caso o topónimo *Ove*, véxase OVE §2.6), marcando deste xeito o tramo fluvial co nome do espazo polo que transcorre.

**2.6.22. Río de Ramos, O:** Para o núcleo *rio*, véxase OVE, §2.6.21. O substantivo que actúa como modificador é *ramo*, procedente do latín RĀMŪS ‘póla, rama’. Coromines (*DCECH*, s.v. RAMO) sinala que *ramo* reservouse para designar os gallos pequenos dunha rama, así como para usos figurados. Segundo Marqués Valea (2004: 513), “seguramente os nosos topónimos *Ramo* e derivados retratan a vexetación vizosa destes lugares ou indican sitios onde se derramaba”. A presenza de *Ramos* como modificador nesta secuencia toponímica quizais se explique pola identificación da

corrente fluvial en relación a un lugar noutrora coñecido como *Ramos*. Tampouco sería descartábel a toponimización deste vocábulo a través do seu uso como apelido persoal, moi estendido por toda Galicia.

**2.6.23. Río Pequeno, O:** Para o núcleo *río*, véxase OVE, §2.6.21. O modificador é o adxectivo *pequeno*, común ao portugués (vs. castelán *pequeño*), e segundo parece resultado do cruzamento do latín vulgar \*PĪTĪNNŪS co radical \*pikk-, presente no italiano *piccolo* e *piccino* (DLP, s.v. PEQUENO).

**2.6.24. San Lázaro:** Trátase dun nome bíblico, o arameo *La'azar* ‘Deus axudou’, que pasou ao latín como LAZARUS (Boullón 1999, s.v. LAZARUS). Asíciase este santo aos doentes de lepra, e no lugar en cuestión existe unha capela con esta advocación. A presenza deste antropónimo na nosa toponimia non só veu por vía haxionímica, pois a forma *Lázare* (Guntín) parece suxerir un antigo \*(UĪLLA) LAZARĪ ou similar.

**2.6.25. Santa Cruz:** Trátase dun haxiotopónimo relativamente frecuente e antigo, obviamente referido á cruz da paixón de Cristo. Piel (1950: 84-85) indica que “a festa da Invenção da Vera Cruz, de orixe palestiniense, e instituída para conmemorar a consagração das basílicas erixidas por Constantino nos lugares do S. Sepulcro e do Calvário, é inscrita, nos calendários primitivos peninsulares, a 3 de Maio”.

**2.6.26. Seixadelo:** Segundo parece, estamos perante un descendente toponímico do substantivo *seixo* ‘coio pequeno e listo’ (< latín SAXŪ), ao que se lle engadiu dupla sufixación: *-edo* (< -ĒTŪ) e do diminutivo *-elo* (< -ĒLLŪ). Trataríase por tanto dun lugar de pequena extensión e singularizado pola presenza de seixos. A forma esperábel a partir dese suposto derivado \*SAXETĒLLŪ sería \**Seixedelo*, mais debeu producirse unha disimilación que explica a solución actual.

**2.6.27. Travesas de Ove, As:** Procede do termo latino TRĀNSVĒRSAM ‘transversal’. A motivación pode vir dada polas barreiras do paso a nivel do antigo ferrocarril do mineral que alí se encontran. Aínda así, na documentación antiga podemos encontrar a secuencia *pezas travesas* en alusión a terreos ‘dispostos de través’. Marqués Valea (2004: 717) cita tal uso presente nun documento privado da parroquia de Sante. Para a forma *Ove*, véxase OVE §2.6.

**2.6.28. Valín, O:** Diminutivo creado sobre o substantivo *val* (< latín UALLE) mediante o sufixo diminutivo *-ín*, evolución do latín *-INŪ* característica da zona que nos ocupa e, en xeral, do conxunto do galego oriental. O xénero masculino de *val* (fronte ao xénero feminino que tiña o seu étimo latino) denota o carácter relativamente recente do topónimo.

**2.6.29. Veigadaira, A:** Topónimo analizábel como unha antiga secuencia \**A Veiga da Aira*, resultado da combinación do substantivo *veiga* e do substantivo *aira*.

O vocábulo *veiga* é moi frecuente no léxico toponimico de Galicia. Recólleo xa Reguera co significado “Vega. En tierra de Lugo unos prados húmedos que solo dan pasto para el ganado y no sirven para yerba verde ni para heno. Por lo común estan a las márgenes de los ríos, y también los hay en otros puntos pero siempre húmedos. Por su agua encharcada, no sirven para otro uso”, e faíno sinónimo de *braña*. De todos os xeitos, as acepcións do termo varían sensibelmente dunhas áreas de Galicia ás outras. Na zona que nos ocupa, o substantivo *veiga* designa un prado situado nas marxes dun río e caracterizado pola súa humidade. Desde o punto de vista da etimoloxía, o vocábulo ascende ao substrato prelatino, aínda que se deron distintas interpretacións. Menéndez Pidal (1968: 15) reconstruíu un derivado \**vaika* formado pola base *bai* ‘río’ e o sufixo *ka* ‘rexión do río’, e adscribe o termo ao fondo ibero. Hubschmid (1960: 458) optara por un sintagma \*(TÉRRRA) (I)BAIKA co significado ‘terreo nas beiras dunha corrente de auga’, relacionándoo co éuscaro *ibai* ‘río’. Máis recentemente, Villar Liébana (2000: 245) defendeu a orixe indoeuropea do termo. O certo é que o vocábulo non existe só en galego e portugués, senón que tamén se rexistra en castelán e sardo, e aínda esporadicamente no aragonés.

Canto ao modificador *aira*, procede do latín ARĒA ‘solar sen edificar’, ‘eira dunha granxa’. Deste termo deriva, por evolución fonética regular, a voz *eira*, propia da maior parte de falares galegos; pola contra, a variante *aira*, en que se conservou o ditongo secundario [aj] resultante da metátese do iode, restrínxese ás variedades galegas centro-orientais. De todos os xeitos, o galego *eira* / *aira* ten o seu correlato no asturiano e castelán *era*. O significado básico (o que se rexistra ademais na zona que nos ocupa) pode expresarse como ‘espazo de terra descuberto próximo á casa e no que se mallan os cereais, pónñense a secar os legumes, etc.’; malia iso, cómpre non esquecer outras acepcións verificadas noutras zonas do país, como “Sembrado de hortalizas, que más comunmente se llama *horta*” (DEGC, s.v. EIRA), entre outros.

**2.6.30. Vilar:** véxase COVELAS, §2.4.19.

**2.6.31. Vilavella, A:** Sintagma nucleado polo substantivo *vila* (véxase ARANTE, §2.2.4) e no que actúa como modificador o adxectivo *vello*, procedente da forma latino-vulgar \**UEŦĪLŪS*, que se creou á súa vez sobre o termo clásico *UETŪS*, -ERIS. No lugar da Vilavella estivo o emprazamento orixinal da freguesía de Ribadeo, e o da primitiva igrexa de Santiago de Vigo.

**2.6.32. Xardín, O:** Procede do termo francés *jardin*, forma diminutiva do francés antigo *jart* ‘horto’, en frâncico \**GARD* ‘cercado, sebe’. Este vocábulo tivo unha posterior extensión semántica que o levou a significar en galego “Espazo de terreo delimitado, ordenado e cultivado con plantas ornamentais” (Ir Indo, s.v. *XARDÍN*).

### 3. Cabo

O estudo das denominacións dos lugares, neste caso da denominada macrotoponimia ou toponimia maior, presenta diversas utilidades e aplicacións prácticas, entre elas a de servir como complemento auxiliar doutras disciplinas lingüísticas como a gramática histórica. En concreto, a análise das diversas categorías toponímicas (antropotopónimos, hidrotopónimos, fitotopónimos, orotopónimos, etc.) relaciónase, por unha banda, cos hábitos da construción denominativa das distintas realidades circundantes ao ser humano e, pola outra, entronca directamente co contexto socio-cultural que os rodea (especialmente relevante nos hábitos de construción de sintagmas antropónimicos fosilizados en topónimos de base persoal). Este tipo de interaccións resúltannos dunha grande utilidade para establecer a datación, cando menos aproximada, de moitas desas estruturas toponímicas. Por exemplo, o carácter indiscutibelmente achegado no tempo de *O Barrio da Campana* (onde o segundo elemento xa concorreu na estrutura coa forma castelá debido á súa recente incorporación ao repertorio) fronte ao máis antigo de formas como *Vilandriz* ou *Vilagoíz* (onde a filiación xermánica do segundo elemento adoita remitir a un período cronolóxico anterior incluso ao da toponimia de base latina). Por outra parte, son frecuentes os casos de hibridismo ou etimoloxía híbrida neste tipo de repertorios, é dicir, acostuma acontecer que un único ítem toponímico se compón de elementos de distinta orixe etimolóxica, ben resultante da unión de bases léxicas de filiación lingüística diferente, ben da unión dunha base léxica cun afixo ou afixos de procedencia diversas (especialmente no ámbito da hidronimia).

Por último, e desde o punto de vista da normalización e estandarización lingüística do idioma galego, este tipo de traballos ofrecen unha visión máis completa e exhaustiva que axuda á comprensión cabal e á reconstrución da forma xenuína de numerosos topónimos para os cales os nomenclátoreos ofrecen aínda hoxe propostas dubidasas ou incluso incorrectas. Mais, aínda así, é evidente que fican no ar moitas cuestións pendentes que esixen afondar nas liñas de traballo abertas e enriquecelas con novos estudos e perspectivas.

## 4. Índice de formas

Aceñas, As (§2.6.1)	Cinxe (§2.5.6)
Acevedo (§2.6.2)	Couxela (§2.3)
Anzas, As (§2.4.1)	Covelas (§2.4)
Arante (§2.1)	Covo, O (§2.6.6)
Avesada, A (§2.5.1)	Currada, A (§2.2.3)
Barral, O (§2.5.2)	Devesa, A (§2.5)
Barredal, O (§2.1.1)	Eirexa, A (§2.6.7)
Barreiros (§2.2.1)	Escaleira, A (§2.6.8)
Barrio da Campana, O (§2.5.3)	Esfolado, O (§2.4.8)
Barrio Novo, O (§2.5.4)	Estación, A (§2.6.9)
Batais, Os (§2.4.2)	Esteiro (§2.5.7)
Bestilleiros, Os (§2.1.2)	Faxarda, A (§2.6.10)
Bispos, Os (§2.3.1)	Fondo de Vila (§2.1.5)
Burgo, O (§2.2.2)	Fornelo (§2.3.6)
Cabana, A (§2.4.3)	Fornos, Os (§2.1.6)
Capela, A (§2.4.4), (§2.6.3)	Frieira a Nova (§2.6.11)
Carboeiros, Os (§2.4.5)	Frieira a Vella (§2.6.11)
Casa da Hedra, A (§2.4.6)	Garitos, Os (§2.6.12)
Casais, Os (§2.3.2)	Graña, A (§2.6.13)
Casanova, A (§2.3.3)	Granda, A (§2.2.4)
Casas Novas, As (§2.6.4)	Grañol (§2.6.14)
Cedofeita (§2.2)	Guildeiros, Os (§2.6.15)
Cei (§2.1.3)	Igrexa, A (§2.2.5)
Celeirós (§2.4.7)	Irexex (§2.3.7)
Cepetal (§2.5.5)	Lagar, O (§2.5.8)
Cerdeiriñas, As (§2.3.4)	Liñeiro (§2.5.9)
Chao de Ove, O (§2.6.5)	Madanela, A (§2.1.7)
Cima de Vila (§2.1.4), (§2.3.5)	Maizán (§2.3.8)

Malatos, Os (§2.6.16)	Rochela, A (§2.5.16)
Marelle (§2.4.9)	Sa (§2.4.14)
Meirengos (§2.5.10)	Salcedo (§2.4.15)
Mondigo, O (§2.4.10)	San Lázaro (§2.6.24)
Moural (§2.3.9)	San Vicente (§2.4.16)
Noceda (§2.5.11)	Santa Cruz (2.6.25)
Olleiros, Os (§2.5.12)	Santo Antonio (§2.2.11)
Ove (§2.6)	Seixadelo (§2.6.26)
Palmeira, A (§2.6.17)	Sendín (§2.3.11)
Pastoriza (§2.6.18)	Silveira, A (§2.4.17)
Pedregal, O (§2.2.6)	Somo, O (§2.4.18)
Pedreira, A (§2.5.13)	Teixido (§2.2.12)
Pega, A (§2.6.19)	Torre, A (§2.2.13)
Pereiriñas, As (§2.1.8)	Travesas de Ove, As (§2.6.27)
Piñeiro (§2.2.7)	Trapa, A (§2.2.14)
Ponte, A (§2.1.9), (§2.2.8), (§2.4.11)	Valín, O (§2.6.28)
Portobragán (§2.1.10)	Veigadaira, A (§2.6.29)
Pousadoiro, O (§2.4.12)	Venda, A (§2.3.12)
Preixoana, A (§2.5.14)	Viladroiro, O (§2.5.17)
Queixoiro (§2.2.9)	Vilagoíz (§2.5.18)
Rato, O (§2.5.15)	Vilamariz (§2.1.13)
Rego de Mel (§2.1.11)	Vilandriz (§2.5.19)
Rego, O (§2.3.10)	Vilar (§2.6.30)
Reme (§2.6.20)	Vilar, O (§2.4.19)
Reme de Arriba (§2.4.13)	Vilavella, A (§2.6.31)
Remourelle (§2.1.12)	Vilela (§2.4.20)
Requiande (§2.2.10)	Volta, A (§2.5.20)
Río de Ove, O (§2.6.21)	Xardín, O (§2.6.32)
Río de Ramos, O (§2.6.22)	Xunqueira, A (§2.3.13)
Río Pequeno, O (§2.6.23)	

## Bibliografía

- Aebischer, P. (1950): “‘Salicetum’ et ‘salictum’ dans les langues romanes”, *Revista Portuguesa de Filologia* 3: 70-85.
- Álvarez Blanco, R. (2002): “Topónimos en -edo e -ido”, en Boullón Agrelo, A. I. (ed.): *Actas de XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas* (Santiago de Compostela, 20-25 de setembro de 1999): 87-101 (A Coruña: Pedro Barrié de la Maza).
- Álvarez Maurín, M. P. (1994): *Diplomática asturleonesa. Terminología toponímica* (Ponferrada: Universidad de León).
- Ares Vázquez, N. (1996): “Toponimia do concello do Saviñao”, *Lucensia* 13: 251-272.
- Baliñas Pérez, C. (1992): *Do mito á realidade. A definición social e territorial de Galicia na Alta Idade Media (sécs. VIII e IX)* (Santiago de Compostela: Coordenadas).
- Bascuas López, E. (2000): “Rego y requeixo. Una pervivencia hispana de la raíz ind. er- ‘moverse’”, *Verba* 27: 359-378.
- Bascuas López, E. (2001): “Mondoñedo y Valoria”, *Estudios Mindonienses* 17: 423-490.
- Bascuas López, E. (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Anexo 51 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Boullón Agrelo, A. I. (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VII-XII)* (Tübingen: Max Niemeyer Verlag).
- Cal Pardo, E. (1999): *Colección Diplomática Medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- Coromines, J. (1949): “Duas etimoloxías portuguesas”, *Boletim de Filologia*, t. 10: 334-340.
- Crespo Pozo, J. S. (1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes e inclusión del gallego literario y galaico portugués* (Sada: O Castro).
- DCECH = Coromines, J. / Pascual, J. A. (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico* (Madrid: Gredos).
- DELL = Ernout, A. / Meillet, A. (1985): *Dictionnaire étymologique de la langue latine. Histoire des mots* (Paris: L. Klincksieck).



- DLGa = Feixó Cid, X.G. (coord.) (1986): *Diccionario da lingua galega* (Vigo: Ir Indo).
- DLP = Houaiss, A. et al. (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa* (Rio de Janeiro: Objetiva).
- DNG = Ferro Ruibal, X. (dir.) (1992): *Diccionario dos nomes galegos* (Vigo: Ir Indo).
- Dobarro Paz, J. M. (1974): *Vocabulario de Capela (Cabalar)*. Tese de Licenciatura inédita (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Fernandes, A. de Almeida (2001): *Toponímia de Ponte de Lima* (Ponte de Lima: Arquivo Ponte de Lima / Câmara Municipal de Ponte de Lima).
- Ferreira Priegue, E. (1988): *Los caminos medievales de Galicia*. Anexo do *Boletín Auriense* 9 (Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial).
- Ferreiro Fernández, M. (1999): *Gramática Histórica Galega (I. Fonética e Morfo-sintaxe)* (A Coruña: Laiovento).
- García Arias, X. L. (2000): *Pueblos Asturianos el porqué de sus nombres* (Xixón: Alborá Llibros).
- HgNb = Piel, J.M. / Kremer, D. (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch. Der Niederschlag des Westgotischen in den alten und heutigen Personen und Ortsnamen der Iberischen Halbinsel* (Heidelberg: Carl Winter).
- Hubschmid, J. (1960): „Lenguas prerromanas no indoeuropeas. Testimonios románicos“, *Enciclopedia lingüística hispánica* 1: 27-66.
- IEW = Pokorny, J. (1959): *Indogermanisches etymologisches Wörterbuch* (Bern: Francke Verlag).
- LC = Kajanto, I. (1982<sup>2</sup>): *The Latin Cognomina* (Roma: Giorgio Bretschneider Editore).
- Ledo Cabido, B. (ed.) (2004): *Diccionario de galego Ir Indo* (Vigo: Ir Indo).
- López Alsina, F. (1976): *Introducción al fenómeno urbano medieval gallego, a través de tres ejemplos: Mondoñedo, Vivero y Ribadeo* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Marqués Valea, X. (2004): *A toponimia de Trabada* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).
- Martínez Lema, P. (2010): *Toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soaneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (s. XII-XIV)* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

- Menéndez Pidal, R. (1968): *Toponimia prerrománica hispana* (Madrid: Gredos).
- Moralejo Laso, A. (1977): *Toponimia gallega y leonesa* (Santiago: Pico Sacro).
- Navaza Blanco, G. (2006): *Fitotoponimia galega* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- NDLEE = Miguel y Navas, R. de (1967): *Nuevo diccionario latino-español etimológico* (Madrid: Agustín Jubera).
- NL = Cañizares, B. (1992): “Nomenclátor toponímico medieval de la diócesis”, *Lucensia* 5: 137-185.
- Piel, J.M. (1945): “As águas na toponimia galego-portuguesa”, *Boletim de Filologia* 8, 4: 305-342.
- Piel, J.M. (1948): *Nomes de “possessores” latino-cristiãos na toponímia asturo-galego-portuguesa* (Coimbra: Universidade de Coimbra).
- Piel, J.M. (1950): “Os nomes dos santos tradicionais hispânicos na toponímia peninsular”, separata de *Biblos* vols. XXV-XXVI (Coimbra: Universidade de Coimbra).
- Piel, J.M. (1984): “Novíssimas achegas à história da tradição antropotoponómica mais antiga latina no Noroeste galaico”, *Verba* 11: 5-24.
- Piel, J.M. (1989): *Estudos de lingüística histórica galego-portuguesa* ([Lisboa]: Imprensa Nacional / Casa da Moeda).
- REW = Meyer-Lübke, W. (1972): *Romanisches Etymologisches Wörterbuch* (Heidelberg: Carl Winter. Universitätsverlag).
- Rivas Quintas, E. (1982): *Toponimia de Marín*, Anexo 18 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- Rivas Quintas, E. (1991): *Onomástica persoal do Noroeste hispano* (Lugo: Alvalrellos).
- Rodríguez González, A. / Rey Caíña, J. A. (1992): “Tumbo de Lorenzana”, *Estudios Mindonienses* 8: 6-324.
- Santamarina Fernández, A. (ed.) (2003): *Diccionario de diccionarios* [versión 3] (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- DEGC = Rodríguez González, E. (1958: 1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, 3 vols (Vigo: Galaxia).
  - DGC = Valladares Núñez, M. (1884): *Diccionario gallego-castellano* (Santiago de Compostela: Seminario C. Central).

- *DGCV* = Carré Alvarellos, L. (1972<sup>4</sup>): *Diccionario galego-castelán e vocabulario* (A Coruña: Moret).
- *Frapmas II* = Rivas Quintas, E. (1988): *Frapmas II: contribución al diccionario gallego* (Salamanca: Editorial Ceme).
- *GVG* = García, C. (1985): *Glosario de Voces galegas de hoxe*, anexo de *Verba*, 27 (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- *HERGP* = Otero Álvarez, A. (1949): *Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués* (Madrid: Cuaderno de Estudios Gallegos).
- *VBO* = Acevedo y Huelves, B. / Fernández y Fernández, M. (1932): *Vocabulario del bable de occidente* (Madrid: Centro de Estudios Históricos).
- *VG* = Sarmiento, M. (1975): *Viaje a Galicia*, en Pensado Tomé, J. L. (ed.) (Salamanca: Universidad de Salamanca).
- *VPGC* = Filgueira Valverde, X. et al. (1926): *Vocabulario Popular Galego-Castelán* (Santiago de Compostela: Seminario de Estudios Galegos).

Sanz Alonso, B. (1997): *Toponimia de la provincia de Valladolid. Las cuencas del Duero, Pisuerga y Esgueva* (Valladolid: Universidad de Valladolid).

*TMILG* = Varela Barreiro, X. (dir.) (2004-): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega). [<http://ilg.usc.es/tmilg>].

Varela Sieiro, X. (2008): *Léxico cotián na Alta Idade Media de Galicia: arquitectura civil*. Anexo 62 de *Verba* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Vázquez Fernández, M. I. (1971): *El habla y el léxico de Pereiramá (Lugo)*. Tese de licenciatura inédita (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Vázquez Santamarina, M. E. (1971): *El habla de La Gudiña*. Tese de licenciatura inédita (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Villar Liébana, F. (2000): *Indoeuropeos y no indoeuropeos en la Hispania prerromana: las poblaciones y las lenguas prerromanas de Andalucía, Cataluña y Aragón según la información que nos proporciona la toponimia* (Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca).

Xunta de Galicia (2003): *Nomenclátor de Galicia*. Dispoñíbel en <<http://www.xunta.es/toponimia>> [consult. 19/12/2011].